



## **INSTRUCCIÓN PARA O PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO ÁS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS PARA O CURSO 2005-2006, QUE MODIFICAN A CIRCULAR 9/2004**

A Circular 9/2004, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, regula o procedemento de admisión e a avaliación do alumnado nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

No apartado I da mencionada circular, nos puntos 3, 4, 5, 6 e 7, recóllense as condicións xerais da admisión de alumnado presencial nas escolas oficiais de idiomas e establécese o proceso de matriculación nos distintos cursos.

Coa finalidade de unificar e informatizar a xestión do acceso ás escolas oficiais de idiomas para o vindeiro curso 2005-2006, ponse en marcha unha nova aplicación informática que foi desenvolvida no seo do proxecto SIEGA, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Cómpre, pois, facer as pertinentes modificacións respecto da circular mencionada.

Para tal fin, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións:

1. O alumnado deberá seguir as instrucións recollidas no impreso de preinscrición validado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
2. Todo o alumnado, tanto de escola oficial de idiomas (apto e non apto) como externo a ela, que queira acceder ás ensinanzas de réxime presencial deberá realizar a pertinente preinscrición na escola oficial de Idiomas na que se vaia matricular.
3. O calendario para a preinscrición será único: do 20 ao 30 de xuño de 2005. As solicitudes presentadas fóra dese prazo non se terán en conta para os efectos de admisión. No caso de quedaren prazas vacantes despois de rematar o proceso de admisión, a finais de setembro, as escolas oficiais de idiomas poderán abrir un prazo extraordinario de nova solicitude para cubrir as ditas prazas.
4. As modalidades de acceso son, por esta orde:
  - a) Acceso interno.
    - Alumnado da escola no curso anterior: quen no curso académico anterior estivera matriculado na EOI.
    - Alumnado procedente de plan de potenciación ou That's English!: quen xa teña rematado algún curso completo nalgún destes plans de estudos.
  - b) Acceso externo.
    - Acceso directo, a través de validacións de títulos ou certificados.
    - Proba de nivel e alumnado libre.



- Antigo alumnado: quen estivera matriculado na escola cunha anterioridade de, cando menos, máis dun curso escolar.
  - Novo alumnado.
5. O alumnado que estea pendente de setembro terá de solicitar praza nos grupos para o curso que aínda teña pendente (por se repite) e para o seguinte curso (por se aproba).
  6. O alumnado de calquera das modalidades de acceso que compaxine estudos no idioma solicitado no segundo ciclo de ESO ou en bacharelato accederá ao final do alumnado desa modalidade de acceso.
  7. Para proceder a adxudicación das prazas, realizarase un sorteo entre todas as preinscricións presentadas, seleccionándose unha, a partir da que se establecerá a orde pola que procederá á adxudicación de praza en cada modalidade. O resultado do sorteo farase público a través do portal educativo [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es), apartado “alumnado”, icona “EOI”.
  8. A omisión ou a falsificación de datos suporán a anulación da preinscrición.
  9. Anéxase a estas instrucións a seguinte documentación:
    - Calendario do proceso de admisión do alumnado ás EOI.
    - Impreso de preinscrición.
    - Instrucións para cubrir o dito impreso.
    - Modalidades de acceso.
    - Instrucións do proceso de admisión para facer público para o alumnado no taboleiro de anuncios da escola, así como na páxina web, de ser o caso.
  10. Estas instrucións son de aplicación para o alumnado presencial nas escolas oficiais de idiomas. Xa que logo, non se lle aplicarán ao alumnado de “That’s English!” nin de plan de potenciación de idiomas, nin ao alumnado libre.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2005

A DIRECTORA XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL  
E ENSINANZAS ESPECIAIS

Asdo.: María Luisa Castro Casas